

# *En son de paz*

Manuel Dios Diz, 2005

## FICHA TÉCNICA

Idea orixinal e dirección:

Manuel Dios Diz

Guión:

Toni Veiga e Manuel Dios

Realización:

Fran Piñeiro

Axudante de realización:

Toni Veiga

Productor:

Marcos Gallego

Producción:

Saga TV

Ano: 2005

Duración: 29'

Clasificación:

Non recomendado a menores de 13 anos

## SINOPSE

*En son de Paz* non é tan só un documental conmemorativo do 20 Aniversario do *Seminario Galego de Educación para a Paz* (1985-2005). Por medio de entrevistas con personalidades moi relevantes de moi distintos ámbitos profesionais, xogos cooperativos, dinámicas de aula, recursos didácticos diversos (contos, teatro, teatro de sombras, cine, prensa...), imaxes e sons de esperanza, ideas anovadoras, para compartir experiencias e reflexións co obxectivo de construír a construír outra educación, posible e necesaria, apelando directamente ós afectos e ós sentimentos do alumnado, como mellor antídoto contra da violencia.

## COMENTARIO

O documental que realizou o *Seminario Galego de Educación para a Paz* con motivo do seu 20 aniversario, *En son de Paz*, foi a súa primeira experiencia audiovisual. Logo viñeron outras como “*Cultura de Paz*” ou “*Por nada*”, e colaboracións como “*Linatakalam*”, ou “*Nexos*” de Educación Intercultural. Todo na liña de dotar ó profesorado de útiles e ferramentas para mellorar a calidade e transformar a educación desde unha perspectiva democrática, laica, emancipatoria, non sexista, coidadosa co medio natural e solidaria.

Este documental foi galardoado co Premio “*Hagamos las paces*” concedido pola Generalitat de Cataluña no III Festival Internacional de Cine e Dereitos Humanos. Tamén foi finalista dos Premios Mestre Mateo do Audiovisual Galego dese ano ó mellor corto documental.

## FICHA DE TRABAJO

- 1.- En dúas columnas no teu caderno coloca, na primeira, tódolos conflitos distintos que podas identificar no visionado do documental. E na segunda columna, as solucións que no propio documental aportan os intervintes a eses conflitos.
- 2.- Tenta cruzar os conflitos da primeira columna cos da segunda.
- 3.- Reflexiona en grupos pequenos sobre os principais conflitos e as solucións apuntadas.
- 4.- No documental interveñen, entre outras personalidades: D. Federico Mayor Zaragoza, D. Adolfo Pérez Esquivel e D. Baltasar Garzón. ¿Que sabes deles?. Busca información e constrúe as súas biografías.
- 5.- Por que e cando se celebra o Día Escolar pola Paz?. Con que obxectivos?
- 6.- No documental podemos ver un fragmento do famoso discurso de Martin Luther King “Tiven un soño”. Poderías resumir as ideas fundamentais dese discurso? Que sabes do movemento polos dereitos civís en EE.UU? Quen o liderou? Que obxectivos perseguía? Cres que pode haber algunha relación entre aquel movemento e o triunfo de Obama?. Razona a resposta
- 7.- escoitamos no documental a canción “Imagine” en árabe. Por qué será?. Sabes de quen é esa canción?. Escribe a letra no teu caderno e fai un breve comentario sobre a mesma. Que opinión tes da música do documental? Poderías identificar algúns dos temas que soan?
- 8.- Tenta reproducir a portada do documental, un precioso debuxo de Fausto Isorna, no teu caderno. Que pensas que significa?.